




Mina subterránea de magnesita

IDENTIFICACIÓN

Termo municipal:	O Incio
Provincia:	Lugo
Enderezo:	Estr. LU-546, km 35
Contacto:	Pedro Rodríguez Carmona
Teléfono / fax:	982 424 211
Enderezo electrónico:	tecnic@mgr.es
Web:	www.mgr.es

Actividade principal:	Extracción, tratamento e comercialización da magnesita e os seus derivados
Duración da visita:	3 horas
Reserva:	Necesaria
Grupo máximo / mínimo:	15 / 10 visitantes
Idade:	Maiores de 18 anos
Prezo:	Gratuito

Que imos ver?

Un xacemento sedimentario de carbonato magnésico do período cámbrico inferior, explotado por minaría subterránea mediante o método de cámaras e alicerces.

Cando falamos da idade das rochas, referímonos ao período xeolóxico en que estas se formaron. O Cámbrico é o período máis antigo do Paleozoico no que se teñen datos do inicio da vida no mar, imprescindible para a formación dos carbonatos.

O xacemento componse de varias capas de magnesita, das que actualmente só se explota a inferior cun grosor de 14 m e un buzamento de 18°.



Que hai de diferente?


O feito de que se veña explotando dende o ano 1963, é algo pouco habitual na actual minaría, onde os proxectos non superan os 15 anos. Aínda que, este tipo de minas foi moi frecuente ata finais do século xx.

Nesta explotación as dimensións das galerías permiten a entrada de camiións e ata pequenos microbuses para as visitas.

O tamaño das cámaras da explotación, con lonxitudes entre 100 e 200 m e anchuras de 11 m é sorprendente, aínda que hai outras explotacións como as de lousa, onde estas son moito maiores. Nestas cámaras as condicións de accesibilidade e estabilidade permiten e facilitan a observación de todos os labores realizados.



Carga de camiões.



Carga de camiões dentro dunha mina.



Extracción de mineral dunha cámara con pla DHL.



Perforación horizontal con Jumbo.

Cales son os aspectos que hai que distinguir?

- O nivel de mecanización da explotación que permite con pouco persoal obter unhas producións importantes. Iso tamén redonda nunha baixa accidentalidade e por tanto na seguridade.
- É interesante remarcar o longo período ao longo do cal se vén realizando a explotación, o que orixina unha estabilidade no emprego e unha cultura local mineira.

Algunhas cuestións

- 1 En que consisten os procedementos de seguridade que derivaron nunha baixa accidentalidade na mina?
- 2 Explica detalladamente o proceso de extracción de cámaras e alicerces desta mina de magnesita.
- 3 Como se trata de protexer o medio natural da zona?



Fornos antigos.



Forno rotativo.